

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán ten entre os seus obxectivos o de promover a creación de textos literarios en idioma galego entre o alumnado do centro. Para acadar este obxectivo convócase o «VI Concurso de Narracións Breves en Familia» no que poderá participar todo o alumnado do noso centro escolar de calquera dos seus niveis educativos, desde infantil a primaria.

— BASES —

1.- Os textos estarán escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara e poderán ser presentados a man ou mecanografados.

2.- A autoría destes textos terá que ser compartida entre un alumno ou alumna do centro e outra persoa adulta do seu ámbito familiar, figurando ambos os seus nomes xunto o texto presentado.

O texto pode vir acompañado dunha ilustración, na mesma folia ou en folia á parte, realizada polo alumno ou alumna e utilizando calquera tipo de técnica e material (ceras, témperas, acuare-

las, rotuladores...)

3.- A temática das narracións será libre.

4.- O prazo de presentación de narracións remata o luns, 21 de abril de 2014.

Os orixinais serán depositados no buzón amarelo situado no recibidor do colexio.

5.- Haberá catro primeiros premios, un por categoría:

INFANTIL: Lote de libros.

1.º CICLO: Lote de libros.

2.º CICLO: Lote de libros.

3.º CICLO: Lote de libros.

Todo o alumnado participante recibirá un agasallo e un diploma acreditativo.

6.- Os traballos deberán ser orixinais e quedarán en poder do CEIP de Galán para a súa publicación no número 32 da revista escolar **As Nosas Cousas**.

7.- O xurado estará composto polos compoñentes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán, que dará a coñecer o seu fallo coincidindo cos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, o 17 de maio.

A SEREA SEN ESCAMAS

AARÓN PILLADO VILLAVERDE
TERESA VILLAVERDE
GAÑADORES EDICIÓN 2013. INFANTIL

Téñovos que contar unha historia que aconteceu o ano pasado no verán, cando estaba na casa de meus avós.

Eles viven preto da praia de Fisterra e estando eu paseando pola beira do mar atopei unha serea. Era moi fermosa!

Mais atopeille algo moi raro. Na súa cola non tiña escamas. Falando con ela noteille tristura e amargura. A verdade é que non sabía que facer para recuperar de novo toda a súa vestimenta. Despois de barallar varias opcións decateime de que podía botarlle unha man xuntando todas as escamas que estaban a aboiar na auga.

De súpeto a serea volveu coller o seu estado natural e preto do anoitecer vin como se afastaba para percorrer novos mundos polas augas azuladas.

Non me esqueceréi nunca do brillo que desprendía aquela serea agradecendo a miña axuda.



VI CONCURSO DE NARRACIÓNS BREVES EN FAMILIA



DATA LÍMITE
ENTREGA DE ORIXINAIS
21 DE ABRIL DE 2014



EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP de GALÁN

OSEIRO-ARTEIXO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA